


ROBOTICA

MUSICAL



DOCUMENTO TECNICO

**Xoán-Xil López**

Os contidos da proposta **Robótica Musical** están divididos en catro recursos e cada un se corresponde cun arquivo diferente. Están dispoñibles a través do [repositorio Abalar](#), onde tamén os poderás ver directamente *online* accedendo co botón **visualizar**.

A outra opción é acceder aos contidos *offline* para o que é preciso descargar os arquivos que atoparás en dous formatos.

**.html:** se o descargas en formato .html poderás velo como unha páxina web convencional no teu navegador aínda que non teñas conexión a Internet. Neste formato non é preciso instalar ningún extra, pero este documento non se pode editar. Se o que queres é seguir o recurso para consultar os contidos esta sería a opción recomendable.

Para traballar con este formato so é preciso que descomprimas o arquivo **.zip** descargado e busques no interior da carpeta o arquivo **index.html** e o executes.

**.elp:** este outro arquivo é un executable de **Exelearning** polo que é necesario instalar primeiro este software que podes [descargar dende aquí](#).

Unha vez instalado xa podemos descomprimir o paquete **.zip** descargado e abrir o arquivo **.elp**. Aquí poderás modificar, exportar, importar. etc. o que te interese utilizando o editor .

Ten en conta que para a creación visual deste recurso deseñouse un estilo propio, polo que se queres velo correctamente deberías descargar e instalar tamén o arquivo correspondente dende a sección “documento técnico” dos propios recursos e logo activalo a través do xestor de estilos no editor de **Exelearning**. Lembra que para facer isto é necesario que actives en **Exelearning** a opción **usuario avanzado**.

Se non o instalas poderás acceder aos contidos igualmente, pero o formato verase afectado.

## INSERIR NA AULA VIRTUAL

*Requisitos técnicos:*

- Navegador web
- Aula Virtual **Moodle**

## INSERIR COMO LIGAZÓN

1. Premer no botón de engadir actividade ou recurso
2. Premer no botón para engadir un novo URL
3. Copiar a dirección URL do recurso no Repositorio Abalar
4. No apartado “Aparencia” pódese decidir se aparece nunha
5. xanela nova ou incrustado

## INSERIR COMO RECURSO

(Partindo da carpeta web)

1. Premer no botón de engadir actividade ou recurso
2. Premer no botón para engadir un novo ficheiro
3. Inserir o arquivo **.zip**
4. Premer en descomprimir
5. Buscar o arquivo **index.html**
6. Establecer como ficheiro principal
7. No apartado **Aparencia** pódese decidir se aparece nunha xanela nova ou incrustado

## INSERIR COMO SCORM

1. Premer no botón de engadir actividade ou recurso
2. Seleccionamos **paquete scorm**
3. Dámoslle un nome
4. Imos á sección de engadir un novo paquete e seleccionamos o arquivo **scorm**
5. Seleccionamos o modo de visualización, ventá actual ou emerxente
6. Podemos configurar o modo de cualificación
7. Dámoslle á opción **gardar e amosar**